

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 11 DE XULLO DE 2019

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 3 de xullo de 2019.
2. Validar a memoria do Curso de Actualización Xurídica 2018-2019.
3. En relación co Informe do PAESU:
 - a) Aprobar o Informe de seguimento do PAESU correspondente ao curso 2018-2019.
 - a) Aprobar a proposta de PAESU para o curso académico 2019-2020 coa eliminación da enquisa propia do centro dirixida ao alumnado egresado.
4. A organización dunha nova edición do Curso de Actualización Xurídica para o curso académico 2019/2020 e valorar a posibilidade do cambio na denominación.
5. En relación coa organización dunha nova edición de Orienta Iuris para o curso académico 2019-2020:
 - a) Aprobar a celebración dunha nova edición da Feira de emprego, dentro de Orienta Iuris, para o curso académico 2019-2020.
 - b) Delegar na Decana e na Vicedecana de Organización Académica e Profesorado a celebración do Foro de emprego xurídico.
6. Tomar en consideración, de conformidade co Procedemento para o seguimento do control e da docencia da Facultade de Dereito e o Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns da Universidade de Vigo, á queixa interposta polo alumnado relativa á materia Dereito penal II -a través do buzón de queixas, suxestións e parabéns e mediante rexistro- e remitir un escrito consensuado ás persoas interesadas no que se pon de manifesto:
 - a) En relación coa metodoloxía utilizada no desenvolvemento das clases teóricas, e sen prexuízo da liberdade de cátedra dos docentes, a necesidade do cumprimento estrito da guía docente por parte do profesorado implicado na impartición das materias –a “lección maxistral” implica, en todo caso, “a exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo”.
 - b) En materia de avaliación, a queixa excede do ámbito de aplicación do Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns da Universidade de Vigo e do ámbito de competencia da Comisión de calidade, sendo a competencia, de acordo co artigo 18 do Regulamento de estudantes, respecto á impugnación das cualificacións, do Consello de departamento encargado da docencia.
 - c) A necesidade de axustarse aos cronogramas elaborados polo profesorado responsable das materias para garantir que se imparten e/ou se avalían todos os contidos das guías docentes.
7. Validar o programa e data de celebración da Xornada de acollida do Grao en Dereito, do Curso 3.5 e da Xornada de acollida do Mestrado universitario en Avogacía para o curso académico 2019/2020.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

8. Validar a actualización do Plan Operativo de Información Pública.
9. Validar a actualización do Plan de promoción do centro.
10. Validar os cambios propostos no Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito e o seu envío á Comisión permanente.
11. Non someterse voluntariamente ao proceso de seguimento interno.
12. En relación coa toma de decisións en materia de presupostos:
 - a) Reducir a aportación da Facultade para actividades nas que figure o logo do centro como entidade colaboradora ata un máximo 100 € por factura e 25 € por persoa.
 - b) Solicitar á comisión da Biblioteca información sobre o orzamento co que conta o centro para a adquisición de material bibliográfico.
 - c) Enviar un correo electrónico ao profesorado e á delegación de alumnado co obxecto de que indiquen se existen necesidades de adquisición de material, equipamento, etc ou reformas que permitan mellorar a calidade da docencia e a habitabilidade do edificio.
 - d) Solicitar ao persoal de conserxería que revisen os estores e ventanas do edificio para detectar posibles fallos e planificar futuras reparacións.
13. Enviar un escrito á Área de calidade en relación coas enquisas de avaliación docente e coas enquisas de satisfacción da titulación solicitando:

Enquisas de avaliación docente:

 - Simplificación do sistema de autenticación para o profesorado externo do Mestrado universitario en avogacía.
 - Máis implicación do persoal que realiza as enquisas para lograr o maior número de respostas posible e unha mellor coordinación co profesorado á hora de planificar a data de realización da enquisa.

Enquisas de satisfacción da titulación: a realización de dúas enquisas para o alumnado do PCEO- Programa conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito, unha por cada titulación.
14. Validar as suxestións remitidas á Área de Calidade en relación coa proposta de modificación sobre o borrador do procedemento do Sistema de Calidade “IA01- Xestión dos recursos materiais e dos servizos”.
15. Seguir coa realización das melloras pendentes de execución dentro do Plan de Melloras do Centro.

Ourense, 12 de xullo de 2019



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 11 de xullo de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 12 de xullo de 2019.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

